



EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		NIF/CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME DO BANCO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	TELÉFONO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de

SINATURA DO SOLICITANTE E SELO

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará

as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

Segundo o disposto no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións en materia de cooperativas e outras entidades de economía social, entre as que se atopan as entidades representativas das sociedades cooperativas e das sociedades laborais.

As axudas establecidas nesta orde para o fomento e consolidación do asociacionismo e para a realización de actividades de promoción intégranse dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar pretende levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño,

de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultados o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais, e de conformidade coas atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto convocar as axudas para o fomento e consolidación das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social, en particular as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, subvencionando parcialmente os seus gastos normais de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social.

2. Para estes efectos, pódense considerar como gastos normais de funcionamento:

1º.-Alugueres e gastos de mantemento de locais e equipamentos.

2º.-Gastos de persoal.

3º.-Gastos de comunicacións (teléfono, internet, correo, mensaxaría e similares), material de oficina, e publicacións diversas.

4º.-Mantemento da páxina web da asociación.

5º.-Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade Autónoma galega.

6º.-Gastos de representación e participación en congresos, seminarios, xornadas e similares.

7º.-Realización de asembleas e reunións.

8º.-Servizos profesionais.

3º.-Poderanse considerar como actividades de promoción do cooperativismo e a economía social a organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios; a elaboración, publicación e difusión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; a elaboración de proxectos de intercooperación e integración; a asistencia a feiras, mostras e congresos, así como calquera outra acción promocional que fomenta o cooperativismo, incluídas as dirixidas á realización de procesos formativos de persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos.

4. O período subvencionable tanto para os gastos normais de funcionamento como para a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social será o comprendido entre o 1 de decembro de 2009 e o 31 de outubro de 2010.

Artigo 2º.-*Financiamento e normativa reguladora.*

1. A concesión das axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á aplicación 12.03.324A.481.1, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, por un crédito por importe de seiscentos catorce mil douscentos trinta e un euros (614.231€).

Estes importes poderán verse incrementados con fondos comunitarios, da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As solicitudes, a súa tramitación e concesión axustaranse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 3º.-*Beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións de cooperativas con actividade acreditada e debidamente inscritas no Rexistro Central de Cooperativas de Galicia, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, así como as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas e con actividade acreditada. Para ser beneficiarias as entidades deberán estar ao día no cumprimento das obrigas referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos rexistros competentes.

2. A contía das axudas previstas non poderá superar o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades, que poderán contar, así mesmo, con outros financiamentos sen que en ningún caso excedan da contía realmente xustificada e non achegada pola Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-*Solicitudes, documentación e prazo.*

1. As solicitudes de axudas dirixiranse á Dirección Xeral de Relacións Laborais, e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes e os anexos están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar <http://traballoebenestar.xunta.es>.

1.1. Segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, as solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e as informacións determinados na convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso, o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda.

2. As solicitudes, presentaranse segundo o modelo que figura como anexo I desta orde e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Ficha de solicitude da transferencia bancaria segundo o anexo IV desta orde.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos, segundo modelo que figura como anexo III desta orde.

-Memoria, asinada polo órgano competente, segundo modelo que figura como anexo II desta orde.

-Orzamento detallado dos gastos normais de funcionamento para os que se solicita a subvención, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes.

-Proposta das actividades de promoción do cooperativismo e da economía social para as que se solicita a subvención, especificando a súa finalidade, as persoas destinatarias e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

-No caso de asociacións de sociedades laborais, certificación acreditativa das inscricións practicadas no rexistro público onde figure inscrita e fotocopia compulsada dos estatutos sociais e as súas modificacións, se é o caso, así como relación de entidades socias debidamente certificadas.

3. Segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos; e a Orde do 7 de xullo de 2009 que desenvolve o decreto citado, deberán presentar copia compulsada do DNI do solicitante, no caso de que o/a interesado/a non autorice expresamente a comprobación dos datos por medio do acceso telemático ao sistema de

verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

Segundo o establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de subvención pola entidade interesada comportará a autorización ao órgano xesor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. As solicitudes poderán presentarse no prazo máximo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-Instrución.

As unidades administrativas receptoras remitirán as solicitudes recibidas á Dirección Xeral de Relacións Laborais, por ser o órgano instrutor, para que o servizo competente comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 20.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, requirirá ao interesado para que a repare no prazo máximo e improrrogable de 10 días, e se non o fixese, teras por desistido da súa solicitude, logo de resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta fase completarase incorporando ao expediente a información rexistral das asociacións de cooperativas solicitantes segundo a documentación que consta na Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Artigo 6º.-Avaliación das solicitudes.

1. A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, previsto nos artigos 19 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que, unha vez instruídos os expedientes pasarán para o seu exame á comisión de avaliación que informará ao órgano instrutor. Este órgano elevará proposta á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, quen resolverá poñendo fin á vía administrativa.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior a comisión de avaliación estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que a presidirá, o/a subdirector/a xeral de Cooperativas e Economía Social, o/a xefe/a do servizo de Cooperativas e Economía Social, que actuarán como vogais, e un/unha funcionario/a designado/a pola persoa titular da dirección xeral, que actuará como secretario/a. A

dita comisión poderá adoptar validamente os seus acordos, sempre que asistan a ela o/a presidente/a, ou persoa en que delegue, un/unha vogal e o/a secretario/a. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo/a funcionario/a que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

3. A comisión de avaliación, motivadamente, poderá requirir das entidades solicitantes das axudas información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

Artigo 7º.-*Criterios de avaliación.*

1. A concesión e contía das axudas para os gastos normais de funcionamento serán fixados en función da representatividade que teñan as asociacións solicitantes, en primeiro lugar, e tendo en conta os niveis de actividade que desenvolvan, en segundo lugar de acordo co seguinte baremo:

1º Polo número de asociadas: 1 punto por cada entidade asociada.

Neste suposto, se a cooperativa asociada é de segundo grao, computaranse as cooperativas integradas a través dela sempre e cando non estean asociadas directamente.

2º Polo nivel de actividade da asociación outorgárase:

-8 puntos por cada local de atención ás entidades asociadas en funcionamento, cun horario mínimo de apertura de 35 horas semanais. Se o horario resulta inferior reducirase proporcionalmente a puntuación.

-5 puntos pola participación no Consello Galego de Cooperativas.

-4 puntos por cada traballador ou traballadora a tempo completo, no caso de traballo a tempo parcial reducirase proporcionalmente a puntuación.

-4 puntos pola existencia de páxina web operativa e actualizada.

-2 puntos pola integración da asociación nunha entidade de intercooperación e 2 puntos adicionais cando estea integrada en máis dunha.

2. Para as subvencións de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social teranse en conta os seguintes criterios ordenados segundo a súa importancia:

1º Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos.

2º Por propostas formativas ou divulgativas dirixidas a fomentar a incorporación das mulleres aos órganos sociais das cooperativas e sociedades labo-

rais e postos directivos en xeral, ata un máximo de 30 puntos.

3º Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo e a economía social ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos.

4º Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e cumprimento dos compromisos derivados das actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

5º Pola adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.

6º Polo emprego da lingua galega na realización das actividades para as que solicita a axuda, ata un máximo de 15 puntos.

A concesión destas subvencións realízase mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, establecéndose unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración fixados no parágrafo anterior, e adxudicárase a aquelas propostas que obtivesen maior puntuación.

A contía máxima da subvención para actividades de promoción do cooperativismo e a economía social non poderá exceder dos 80.000 € por entidade beneficiaria.

Artigo 8º.-*Resolución e recursos.*

1. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes previstas nesta orde corresponderalle á persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar.

2. Logo da fiscalización da proposta polo órgano interventor da consellería, o órgano concedente ditará a correspondente resolución que se lles notificará ás entidades interesadas.

3. O prazo para resolver e notificar será de tres meses. En todo caso, o antedito prazo non comenza- rá a computarse ata que transcorra o prazo previsto para a presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 1 e no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano

que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. De acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial as subvencións concedidas ao abeiro desta orde, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

6. De conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal a Consellería de Traballo e Benestar incluírá e fará públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas ao abeiro desta orde, así como as sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela).

7. A presentación das solicitudes polas entidades interesadas autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso, nos rexistros regulados no referido Decreto 132/2006.

Segundo o disposto no artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios deberán dar axeitada publicidade de carácter público do financiamento das actividades obxecto da subvención.

Artigo 9º.-*Forma de pagamento e xustificación.*

1. As axudas materializaranse a través de convenios de colaboración subscritos pola consellería con cada unha das entidades beneficiarias. En concepto de anticipo poderase facer efectivo ata o 80% do total da contía da subvención, unha vez acreditada a súa aceptación coa subscrición do convenio, segundo o previsto nos artigos 63 e 65.4º h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, en referencia cos pagamentos anticipados e a exoneración da constitución de garantía por tratarse de entidades non lucrativas.

2. Os convenios de colaboración deberán conter, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Obxecto da colaboración e asociación colaboradora.
- b) Normativa reguladora.
- c) Prazo de duración.

d) Requisitos que deben cumprirse nas diferentes fases do procedemento.

e) Prazo e forma da presentación da xustificación da subvención.

f) Determinación dos libros e rexistros contables específicos que deben levar as asociacións para facilitar a adecuada xustificación da subvención e comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

g) Obriga de reintegro da subvención no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidos para a súa concesión e nos supostos previstos legalmente.

h) Obriga da asociación de someterse ás actuacións de comprobación e control previstas legalmente.

i) Contía económica da subvención.

3. O pagamento das axudas efectuarase segundo se estableza no correspondente convenio de colaboración e quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa, para acreditar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención, antes do 31 de outubro de 2010. Unicamente se aboará ata o 80% dos pagos realmente realizados, correspondentes aos gastos xustificados, ata o tope máximo da contía inicialmente concedida como subvención.

En todo caso, a forma de xustificación deberá aterse o previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. No momento da xustificación total da actividade subvencionada deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou entes públicos, ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Artigo 10º.-*Prohibicións, incompatibilidades e concorrencia.*

A entidade solicitante non poderá atoparse incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria sinalada no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, circunstancia que se xustificará mediante a declaración contida no anexo I desta orde.

En ningún caso o importe das subvencións ou axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver a entidade beneficiaria. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de axuda previstos nesta orde.

Artigo 11º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas as referidas no artigo 11 da Lei 9/2007 en especial as seguintes:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

b) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público estatal ou internacional.

c) O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.

d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 12º.-Subcontratación.

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través desta convocatoria, coas condicións e requisitos establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos cales teña que incorrer a entidade beneficiaria para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Artigo 13º.-Modificación da resolución, revogación e reintegro.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión seguindo o principio de proporcionalidade á que se refire o artigo 14.1º n) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e, eventualmente, á súa revogación.

2. Procederá a revogación das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades per-

cibidas e a exigencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 14º.-Seguimento e control.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, avaliación e seguimento.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean á súa disposición para comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados e o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación. Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e no convenio de colaboración.

Disposición adicionais

Primeira.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos ou a súa revogación, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS E DE SOCIEDADES LABORAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR802H	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO (SERÁ USADO PARA EFECTOS DE COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS)			
[]			
RÚA OU PRAZA		PROVINCIA	
[]		[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
REXISTRO ONDE FIGURA INSCRITA A ENTIDADE		DATA INSCRICIÓN	Nº REXISTRO
[]		[]	[]

E na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
[]	[]	[]
CARGO NA ENTIDADE		
[]		

Descrición das actividades propostas	Orzamento total sen IVE	Axuda solicitada
• []	[]	[]
• []	[]	[]
• []	[]	[]
• []	[]	[]

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das prohibicións ou incompatibilidades sinaladas no artigo 10º da orde de convocatoria.
- c) Comunicaranlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo/a beneficiario/a e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.
- d) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- e) Autorízase a obtención dos certificados establecidos no artigo 4º desta orde.
- f) Autoriza a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. SI NON (neste caso aportar a documentación)

SOLICITA:

Nos termos descritos na documentación que se xunta, a subvención indicada na parte superior.

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas (os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros, rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

Autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa, pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO [] REVISADO E CONFORME []	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____		

ANEXO II

MODELO DE MEMORIA

ENTIDADE SOLICITANTE

RELACIÓN NOMINAL DE ASOCIADOS/AS

ENTIDADE	Nº TOTAL SOCIOS/AS QUE AGRUPAN (1)	VOLUME OPERACIÓNS
----------	------------------------------------	-------------------

(1) No caso de que sexa unha cooperativa de segundo grao, debe especificarse o número de socios/as que agrupan as de primeiro grao integradas nela

CENTROS DE TRABALLO

ENDEREZO		
<input type="text"/>		
PROVINCIA	LOCALIDADE	Nº DE TRABALLADORES/AS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

RELACIÓN HABITUAL CON ENTIDADES OU ORGANISMOS

NOME	
<input type="text"/>	
COLABORADOR HABITUALMENTE	PARTICIPA E/OU ESTÁ INTEGRADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>

SERVIZOS QUE PRESTA AOS/ÁS ASOCIADOS/AS	<input type="text"/>
BREVE DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O ANO 2009	<input type="text"/>
SUBVENCIÓNS RECIBIDAS DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS DURANTE O ANO 2009	<input type="text"/>
ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O ANO 2010	<input type="text"/>
SITUACIÓN FINANCEIRA (BALANCE EN 31-12-2009)	<input type="text"/>
ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS PARA O ANO 2010	<input type="text"/>
GASTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA	
ALUGUERES E GASTOS DE MANTEMENTO DE LOCAIS E EQUIPAMENTOS	<input type="text"/>
GASTOS DE PERSOAL	<input type="text"/>
GASTOS DE COMUNICACIÓNS	<input type="text"/>
MANTEMENTO DA PÁXINA WEB	<input type="text"/>
COTAS ASOCIATIVAS A ENTIDADES DE INTERCOOPERACIÓN DE ÁMBITO SUPERIOR Á COMUNIDADE AUTÓNOMA	<input type="text"/>
GASTOS DE REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN EN CONGRESOS, SEMINARIOS, XORNADAS E SIMILARES	<input type="text"/>
REALIZACIÓN DE ASEMBLEAS E REUNIÓNS	<input type="text"/>
SERVIZOS PROFESIONAIS	<input type="text"/>

OBSERVACIÓNS
<input type="text"/>

O/A abaixo asinante, no seu propio nome e no da entidade representada, faise plenamente responsable da veracidade dos datos consignados nesta memoria.

LUGAR E DATA	SINATURA
<input type="text"/> <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	<input type="text"/>

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

Don/Dona _____, con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____
 con NIF/CIF nº _____, en calidade de _____

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Relaciona a continuación as axudas e subvencións solicitadas e/ou obtidas para a mesma finalidade ou proxecto das distintas administracións públicas:

AXUDAS CONCEDIDAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
 (Sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDIMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENTIDADE FINANXEIRA		ENDEREZO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao/á titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Orde do 1 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En virtude desta competencia, a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, reconece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa, dispoñendo que a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de traballo, realizará unha política de fomento do movemento cooperativo e adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenvolvemento das cooperativas.

A mesma lei prevé, así mesmo, a participación doutros ámbitos da Administración pública, establecendo que a Administración local procurará considerar dentro dos seus plans ou programas de actuación a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas.

Segundo o disposto polo Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das anteditas competencias e funcións.

Esta consellería, tendo en conta as potencialidades da fórmula empresarial cooperativa para o desenvolvemento local e para a prestación de servizos de natureza social, a necesidade de que o labor de divulgación e fomento se realice tamén desde os ámbitos máis próximos aos cidadáns, así como as sinerxías derivadas da cooperación entre as distintas administracións, quere estimular a realización de actividades de promoción do cooperativismo por parte das entidades locais.

A través desta orde régúlase o proceso de selección daquelas iniciativas que resulten de maior interese para o desenvolvemento do cooperativismo no ámbito local, co obxecto de contribuír ao seu financiamento mediante a concesión dunha subvención de ata o 80% dos gastos necesarios para a realización das actividades propostas por parte dos concellos seleccionados. Entre os criterios de selección, outórgaselle especial importancia á sintonía do proxecto co Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo.

A regulación axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial, no relativo aos principios de transparencia, eficacia e eficiencia na xestión, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Cooperativas, o Consello Galego de Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e de conformidade coas atribucións que teño